



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: C8/16

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO ESPECIAL NA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA PARA A RACIONALIZACIÓN, MELLORA E EFECTIVIDADE MUNICIPAL E A PROGRESIVA E PERSISTENTE IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO CONCELLO.

Asto.: Incoación e informe xustificativo da necesidade do contrato menor de servizos para a implantación da administración electrónica no concello de Bueu

## **I. OBXECTO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO**

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, estableceu como un novo dereito da cidadanía a posibilidade de utilizar medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións públicas e fixou un prazo, xa rematado, para que estas últimas implantasen os medios necesarios para iso.

Cumprindo co disposto nesta norma, o Concello de Bueu pretende desenvolver e pór en funcionamento un sistema completo de administración electrónica, que inclúe tanto a relación cos cidadáns e cidadás como a tramitación dos procedementos dentro da propia administración municipal.

A implantación da administración electrónica no Concello de Bueu realizarase mediante o impulso da utilización dos medios e canles electrónicas no desenvolvemento da actividade administrativa, tanto para a súa relación coa cidadanía como coas restantes administracións públicas de acordo coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, facendo efectivo o dereito da cidadanía a relacionarse coa administración por medios electrónicos para acceder aos servizos públicos e para a tramitación dos procedementos administrativos.

Iso implica numerosos cambios e esixe establecer, coa maior precisión e claridade posibles, os novos conceptos e regras que son necesarios para a substitución dos medios tradicionalmente utilizados polos seus equivalentes electrónicos.

Tendo en conta o anterior a todos os órganos e unidades administrativas do Concello de Bueu e as persoas físicas, xurídicas e entes sen personalidade nas súas relacións co Concello de Bueu.

Considerando a proposta de servizo de AULOCE S.A.U. (ESPUBLICO) que acompaña á presente proposta e que contempla o servizo obxecto de contratación consistente no establecemento efectivo de ferramentas para a modernización da xestión de expedientes e posta en marcha da administración electrónica prevendo a súa execución a través dunha plataforma que se compón dos seguintes módulos:

Modulo de GESTION ADMINISTRATIVA (registro de entradas e saídas; registro de facturas; dixitalización; firma electrónica; catálogo de procedementos; xestión documental; arquivo e conservación; apps para dispositivos móbiles e libros oficiais electrónicos)

Modulo de SEDE ELECTRÓNICA (taboleiro de anuncios; perfil de contratante; auditoría de perfil de contratante; verificación de documentos electrónicos; registro electrónico; consulta de expedientes; notificacións electrónicas; pago telemático; portal de transparencia)

Modulo de INTEROPERABILIDADE (integración dos sistemas, plataformas, aplicacións e ferramentas propias do concello ou alleas á organización)

Os servizos contratados se prestarán en formato de servizo a través de Internet.

Consta orzamento remitido por AULOCE S.A.U. (ESPUBLICO), CIF: A50878842, con data 19 de abril de 2016 polo importe de 12723,48-€ (sen IVE), sendo o IVE aplicable do 21% (2671,93 €), que supón un total de 15395,41 - €(IVE incluído).

O contrato financiase con cargo aos fondos propios do concello, concretamente con cargo á aplicación orzamentaria 920.22799 do orzamento prorrogado para o exercicio 2016 tal e como se fai constar no



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: C8/16

documento de retención de crédito núm. 2016004685 emitido polo Interventor en data 19.04.2016 a proposta do alcalde de data 03.02.2016.

En data 19.04.2016 presentase por AULOCE S.A.U. (ESPUBLICO),CIF: A50878842, Memoria técnica e proposta do proxecto GESTIONA para o concello de Bueu así como documentación acreditativa da capacidade e solvencia de AULOCE S.A.U. (ESPUBLICO),CIF: A50878842

## **II. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN**

A necesidade e idoneidade do contrato e a eficiencia da contratación esixibles ao abeiro do artigo 22 do texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, (TRLCS) atopase detallado no paragrafo anterior da presente proposta sendo urxente e inaprazable contar no concello cun sistema completo de administración electrónica para dar cumprimento ás obrigas que resultan da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, da lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e da inminente entrada en vigor da lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común en tanto a Deputación provincial de Pontevedra non ofrezca ao concello o servizo de administración electrónica nos termos que resultan do artigo 36 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.

Consonte resulta da normativa sinalada e do precepto de referencia e logo dos antecedentes detallados, propoño a incoación do proceso de adjudicación directa do seguinte contrato menor de servizos co seguinte cadro de características do mesmo :

## **III. CADRO CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO MENOR DE SERVIZOS**

A través deste cadro quedarían regulados os principais elementos do contrato administrativo menor de servizos a celebrar, sendo de aplicación, en calquera caso e para o non regulado a través do mesmo, o réxime xurídico que resulta de aplicación do TRLCS e as súas normas de desenvolvemento:

- Obxecto
- Prezo e Forma De Pago
- Características do sistema
- Prazo de entrega e formación
- Mantemento e soporte técnico
- Responsable do Contrato
- Obrigas Específicas da Execución do Contrato

Asemade, xúntase ao presente os documentos acreditativos dos feitos sinalados xunto coa correspondente retención de crédito da Intervención do concello efectuada con data 19.04.2016.

### **1. OBXECTO DO CONTRATO:**

Ref. S/C8-16	Órgano xestor: Alcaldía (consta efectuada delegación)	Cód. DIR 3:L01360046
	Oficina contable: Intervención	Cód. DIR 3:L01360046
Órgano destinatario do obxecto contrato: Concellería delegada especial na área de desenvolvemento e innovación tecnolóxica para a racionalización, mellora e efectividade municipal e a progresiva e persistente implantación da administración electrónica no Concello. Delegación xeral e especial de atribucións e funcións contida na resolución de alcaldía núm. 582/15 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26/06/2015). Concelleiros: Jose I. García Cuervo (delegación xeral) e Xosé Leal Fariña (delegación especial)		
Título: "IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO CONCELLO DE BUEU "		
CPV: 72130000-5 (Servizos de consultoría en planificación de instalacións informáticas)	Categoría (anexo II TRLCS): 07	
Xustificación da necesidade da contratación: Facilitar a xestión por medios electrónicos dos procesos administrativos e a adaptación do concello de Bueu á normativa relativa á administración electrónica,		



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: C8/16

principalmente lei 11/2007 de 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, lei orgánica 15/99 de 13 de decembro de protección de datos, lei 19/2013 de 09 de decembro de transparencia, acceso á información pública e do bo goberno e a lei 39/2015 de 01 de outubro do procedemento administrativo común das administracións Públicas.

A necesidade e conveniencia da contratación resulta da insuficiencia de medios técnicos e persoais para facer fronte ás esixencias derivadas das citadas normas de xeito que permita a implantación da administración electrónica de forma integral permitindo a transición do expediente en papel ao expediente electrónico

Alcance do servizo: O servizo consiste no establecemento efectivo de ferramentas para a modernización da xestión de expedientes e posta en marcha da administración electrónica e a súa execución realizarase a través dunha plataforma que se compón dos seguintes módulos:

Modulo de GESTION ADMINISTRATIVA (registro de entradas e saídas; registro de facturas; dixitalización; firma electrónica; catálogo de procedementos; xestión documental; arquivo e conservación; apps para dispositivos móbiles e libros oficiais electrónicos)

Modulo de SEDE ELECTRÓNICA (taboleiro de anuncios; perfil de contratante; auditoría de perfil de contratante; verificación de documentos electrónicos; registro electrónico; consulta de expedientes; notificacións electrónicas; pago telemático; portal de transparencia

Modulo de INTEROPERABILIDADE (integración dos sistemas, plataformas, aplicacións e ferramentas propias do concello ou alleas á organización)

Os servizos contratados se prestarán en formato de servizo a través de Internet.

## 2. ADXUDICATARIO

Razón social: AULOCE S.A.U. (ESPUBLICO)

CIF: A50878842

## 3.- PREZO E FORMA DE PAGO

Prezo de adxudicación: 12723,48-€

IVE: 21%

Importe IVE: 2671,93 €

Importe total: 15395,41 - €, IVE incluído

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 920.22799 do orzamento prorrogado para o exercicio 2016

FINANCIACIÓN: Fondos propios do concello.

FACTURACIÓN: Trimestral | CÓDIGOS DIR 3: BOP núm. 6 de 12.1.2015 e na web municipal

## 4. PRAZO CONTRACTUAL

UN (01) ANO

## 5. PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

PROCEDEMENTO: Adxudicación directa (contrato menor)

REVISIÓN PREZOS: Non

## 6. RESPONSABLE DO CONTRATO

RESPONSABLE DO CONTRATO: Concellería delegada especial na área de desenvolvemento e innovación tecnolóxica para a racionalización, mellora e efectividade municipal e a progresiva e persistente implantación da administración electrónica no Concello

## 7. OBRIGAS ESPECÍFICAS DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

Obrigas específicas:



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: C8/16

- As que resulten do TRLCSP e RGCE
- As que resulten da memoria descritiva da Plataforma de administración electrónica "GESTIONA" para o concello de Bueu de 2016 presentado por AULOCE S.A.U.
- As que resulten das ordes que ao efecto emita o responsable do contrato.

Bueu, 20 de abril de 2016

O Concelleiro delegado especial da área de Desenvolvemento e innovación tecnolóxica para a racionalización, mellora e efectividade municipal e a progresiva e persistente implantación da administración electrónica no Concello

Xosé Leal Fariña

Vº e prace

O concelleiro delegado xeral da área de facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior

Jose I. García Cuervo